

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa Gamesa Energy Transmission, S.A.U., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou o 11 de outubro de 2023, coa empresa **Gamesa Energy Transmission, S.A.U.**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e a empresa **Gamesa Energy Transmission, S.A.U.**, para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa asinante e no IES Ordes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A empresa **Gamesa Energy Transmission, S.A.U.**, está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de formación profesional dual deste convenio, ten as seguintes características:



- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 32/2010 do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Automoción.
- b. Terá como duración desde o 01 de setembro de 23 ata o 31 de agosto de 2025.
- c. La formación se impartirá de modo compartido entre el centro educativo y la empresa firmante, garantizando la adquisición de los resultados de aprendizaje establecidos en la enseñanza correspondiente a la obtención del título de técnico superior en Automoción.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos das ensinanzas correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

